

As eleccións tan a porta
E todo pode pasar
Pensade ven meus amigos
A quen vades a votar.

Polo PP vai Elena
Con carreira de abogado
E si non chega con eso
Ten o alcalde de lado.

A rapaza non e tonta
¿ quen sabe? Pode salir
Porque a nena, meus amigos
Gustalle moito subir.

Bigotes non se presenta
Sabe que non vai salir
Con Elena de primeiro
Ten pensado dimitir.

Elba xa ta moi queimada
E non se quere meter
Si Elena sale Alcaldesa
Non sei o que vai facer.

Acabarase a bicoca
E deixará de cobrar
E o cargo que ocupaba
Vai a telo que deixar.

Polo PSOE vai Modesto
Según a min me contáron
Manolo xa ta moi visto
E con El xa non falarón

Polo Bloque vai Orlando
E todo pode pasar
Sempre que deixe o PSOE
De alcalde pode quedar

Gane quen gane amiguiños
A cousa non vai cambiar
Porque o pobre Mondoñedo
Non no lo van amañar

Na Plazuela non hay banco
Donde te poidas sentar
Nos servicios da Alameda
Ali non podes entrar

Papeleras non hay unha
Todas se foron rompendo
E o Alcalde xa non quere
Volver andalas poñendo

Na "Nave" nin Dios traballa
Teñen " xornada intensiva "
O que non vai de viaxe
Di que lle doy a barriga

Hay un que leva dous anos
Sigue de baixa e cobrando
O peor e que na casa
O home sigue chollando

Como nadie dice nada
Todos estan a pasar
Veñan dias, caigan panes
A fin de mes a cobrar